

POSIBILIDADES DRAMÁTICAS DO MITO XACOBEO: DON GAIFEROS DE MORMALTÁN.

Sonia M^a DORADO VÁZQUEZ
M^a del Carmen RODRÍGUEZ LÓPEZ

Na actualidade, moitos docentes basan o seu ensino nun modelo tradicional que leva implícito o emprego casi exclusivo do libro de texto. Fracaso escolar, escasa motivación, pasividade, son as consecuencias máis salientables que se derivan deste sistema que poderíamos calificar de cómodo e fácil para os mestres ó non implicar unha preparación concienzuda do traballo a realizar.

Co que acabamos de expoñer, non pretendemos facer unha mera crítica, senón mostrar unha realidade que non funciona, e presenta-lo noso traballo como unha alternativa pedagóxica que mellore a calidade da educación.

En relación co anterior, diremos que a Didáctica do Teatro, non ten cabida nunha clase maxistral como as que a cotío se imparten nas nosas escolas. Non obstante, si a ten no marco dun ensino innovador e integral, en consonancia coa Reforma.

O teatro, así como o cómic e outras formas de expresión artística son rexeitados polos docentes, ben sexa por descoñecemento ou pola escasa importancia que lles conceden, sen percatarse de que están ante fontes de inmensa riqueza pedagóxica.

O teatro beneficia o desenrolo da personalidade do alumno, dotándoo dun espírito crítico cara o propio traballo e ó dos demais, así como reforzando a confianza en si mesmo e a autoestima. O mestre presenta, deste xeito, ó neno unha experiencia significativa, unha forma de aprendizaxe lúdica que con seguridade o motivará.

Como ben se deduce dos postulados anteriores, o traballo que a continuación presentamos enmárcase nun ensino constructivista, interdisciplinar, tendo por base un obxectivo primordial: a percura dunha educación integral e de calidade.

Partindo dun pequeno romance popular, de ampla difusión, chegaremos á dramatización que vai supor o centro do traballo aular, ramificándose en diversas experiencias que van posibilitar a globalización, ó conectarnos diferentes áreas do *currículum*.

Proposta didáctica

Nesta proposta o Teatro vai se-lo principal vehículo que permita unha preparación dos alumnos de cara ó Ano Xacobeo. Deste xeito, incorpóranse ó sistema escolar contidos que na actualidade se ofrecen fora del, e que son reclamados polo interés da sociedade. En primeiro lugar, temos que face-la distinción entre os conceptos “texto dramático” e “texto-dramatización”. Mentres que o primeiro atende especialmente á peza dramática como literatura, o segundo otorga especial atención ó proceso representativo, á representación propiamente dita, á *mise en scene*. Ambolos dous aspectos do Teatro van ser traballados neste proxecto, aínda que facendo especial fincapé no texto dramático.

O seu estudio implica vertentes tanto literarias como lingüísticas, sen establecer límites ríxidos entre ámbalas dúas disciplinas. O mestre ten que desempeñar, neste caso, os roles de investigador e creador para preparar un traballo serio que non sexa froito da mera improvisación.

O profesor, investigador

O punto de partida que nós propoñemos, como xa adiantamos, é un romance, un romance de tradición popular que nos introduce, polo seu contido, no tema xacobeo: DON GAIFEROS DE MORMALTÁN. Temos coñecemento de dúas versións do texto literario: unha delas atribúese a Manuel Murguía, a outra, popularizada mercé Santalices, remite a unha versión na que se sabe houbo intervención de Cabanillas. Esta versión é a que, normativizada, figura na *Gran Enciclopedia Gallega* como versión do Instituto da Lingua Galega¹.

A seguir presentamos as dúas versións que figuran na publicación devandita, aconsellando a segunda en canto que permite o acompañamento musical de Santalices, dado que as diferencias co texto musicado son mínimas.

Vexamos estas dúas versións:

Versión de M. M. Murguía:

*A ond'irá aquel romeiro,
Meu romeiro a dond'irá?
Camiño de Compostela
Non sei s'ali chegará.*

¹S.v. “Gaiferos de Mormaltán, Romance de Don”, in t. XIV, Silverio Cañada, Ed., Gijón, 1974, pp. 189 e 190.

*Os pés leva cheos de sangue
 E non pode mais andar:
 Mal pocado ¡Pobre vello!
 Non sei s'ali chegará.
 Ten longas e brancas barbas,
 Ollos de doce mirar,
 Ollos gazos, leonados
 Verdes com'augua d'o mar.
 — A don'ides meu romeiro,
 A don'ides meu velliño?
 — Camiño de Compostela
 ¿A ond'ides vos soldadiño?
 — Compostela miña terra
 Sete anos fai que marchei,
 Non coidei volver á ela.
 Digame, diga ó seu nome
 Collase á min, meu velliño
 Repare que non ten forzas
 Para seguir ó camiño.
 —Eu chamome D. Gaiferos,
 Gaiferos de Mormaltán,
 S'agora non teño forzas
 Meu esprito mas dará.—
 Chegaron á Compostela
 E foron a Catedral.
 Desta maneira falou
 Gaiferos de Mormaltán:
 —Gracias meu Señor Santiago
 A vosos pés me téis xá,
 Se queres tirarm'á vida
 Pódesma Señor tirar,
 Por que morrerey contento
 Nesta Santa catedral.—
 Y ó vello d'as barbas longas
 Caiu tendido no chan.
 Cerrou os seus ollos verdes,
 Verdes com'augua d'o mar.
 O obispo qu'esto veu
 Ali ó mandou enterrar
 Asi morreu meus señores
 Gaiferos de Mormaltán
 Est'é un d'os moitos milagros
 Que Santiago Apostol fay.*

Versión del Instituto da Lingua Galega.

(Inspirado en la versión anterior y en la cantada por F. Santalices, en la que probablemente intervino R. Cabanillas). En ella el soldado interlocutor del peregrino es sustituido por un trovador:

— *¿Ónde vai aquel romeiro, meu romeiro ónde irá?
¡Camiño de Compostela, non sei se aló chegará!
Os pés leva cheos de sangue, xa non pode mais andar.
¡Malpocado! ¡Pobre vello! Non sei se aló chegará.
Ten longas e brancas barbas, ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados, verdes coma auga do mar.*
— *¿Ónde ides, meu romeiro? ¿Ónde queredes chegar?
— Camiño de Compostela, onde teño o meu fogar.
Compostela é miña terra, deixei sete anos hai,
relucente en sete soles, brillante coma un altar.*
— *Cóllase a min, meu velliño, imos xuntos camiñar.
Eu son troveiro das trovas da Virxe de Bonaval.*
— *Eu chámome don Gaíferos, Gaíferos de Mormaltán,
se agora no teño forzas, meu Santiago mas dará.
Chegaron a Compostela e foron á catedral.
Desta maneira falou Gaíferos de Mormaltán:*
— *Gracias, meu señor Santiago, ós vosos pés me tés xa:
se queres tirarme a vida, pódésma, Señor, tirar,
porque morrerei contento nesta santa catedral.
E o vello das brancas barbas caiu tendido no chan:
pechou os seus ollos verdes, verdes coma auga do mar.
O obispo que esto viu, alí o mandou enterrar.
E así morreu, meus señores, Gaíferos de Mormaltán.
¡Este é un dos moitos milagros que Santiago Apóstol fai!*

Se as comparamos observamos diferentes interlocutores, o que, naturalmente, fai que os diálogos difiran.

Outra distinción xurde en torno á súa estrutura: na de Murguía o predominio da figura do narrador fai que o romance se aproxime ó discurso narrativo, en ulterioridade, mentres que na do Instituto, o monólogo e o diálogo aproxímanos ó xénero dramático, dominando o presente escénico.

Ante todo, precisar que estas son pequenas diferencias sen unha rixidez tal que faga xurdir dúas composicións: estamos ante dúas versións válidas para o traballo dramático.

Tras este labor previo de investigación de matiz filolóxico, de confrontación de textos, o profesor debe centrar a súa atención no entorno sociocultural que envolve o romance (a mítica Idade Media).

De todo o exposto nace unha actividade didáctica na que o alumno, recollendo romances ou historias populares semellantes á que estudiamos, participa activamente na investigación (Neste aspecto compre salientar que a palabra “romance” é descoñecida no contexto popular, sendo substituída por “historia” que é como denominan estes textos de literatura oral aquelas persoas que aínda os recordan²).

O profesor, creador

Este apartado poderíamos consideralo o *corpus* do proxecto. O docente será agora creador, polo que estamos diante do proceso de dramatización.

Dividimos o traballo en dous bloques, enlazados entre si polas características do rol que desempeña o docente, tomando como referencia *A doncela guerreira* de Rafael Dieste³, texto ilustrativo do que se denomina como transmodalización⁴.

A transmodalización

Neste punto imos traballa-la construción dramática con distintas alternativas, suxeridas polo texto base. Só lembrar que o teatro é un xénero no que a orixinalidade do tema non cabe: maioritariamente non se pode considerar *ex novo* unha boa parte dos textos dramáticos da Literatura Universal.

A transmodalización, por suposto, leva implícita a transfocalización e transvocalización.

Basándonos nisto imos realizar a continuación varias construcións dramáticas con introducción de diferentes personaxes, de diferentes voces, locutores:

1.— Voz narradora + diálogo

Narrador: Un romeiro de longas barbas e ollos gazos dirixíase cara Compostela. ¡Pobre vello!, ía canso de tanto andar. Unha doncela sae ó seu encontro.

Doncela: ¿Onde ides meu romeiro? Semellas moi canso. Bebe, bebe desta auga fresca que á fonte fun buscar.

Romeiro: Moitas gracias, meniña. Desexo tanto chegar ó meu destino, Compostela, que non me permito nin sacia-la miña sede.

2.— Diálogo dramático

Podería se-lo exemplo anterior excluindo a figura do narrador.

3.— Monólogo

Pelegrín: ¡Eu son Gaiferos, duque de Aquitania! Sucedin ó meu pai Hunoldus e coa coroa heredei o seu odio contra Pipino el Breve. Sostiven

²Vid. V. Risco, “Literatura”, in *Historia de Galiza*, Akal, Madrid, 1979, pp. 689 ss.

³Vid. *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 34.

⁴Vid. G. Genette, *Palimpsestos, La literatura en segundo grado*, Taurus, Madrid, 1989.

contra el unha gran loita que durou nove anos e agora, vello e vencido diríxome a Compostela a visita-lo Apóstol: Só así descansarei en paz.

4.— Monólogo + visualización

Cego: Aquí chegou un día o ilustre Gaiferos de Mormaltán, vencido e triste, co único propósito de morrer na Catedral. Despois de falar con Santiago pechou os seus ollíños verdes, descansando en paz. O bispo que esto viu mandouno enterrar neste lugar.

A visualización consistirá na construción de decorados e na confección dun comic alusivo ó tema.

5.— Narración en ulterioridade

Narrador: Don Gaiferos *chegou* a Compostela e foi á Catedral. Alí falou co Apóstol.

6.— Narración - Acción

Narrador: Don Gaiferos *chega* a Compostela...

O que presentamos como alternativa foi traballar dun xeito sinxelo e creativo a construción dramática, ofrecendo pequenos fragmentos exemplificadores que xa se suscitan desde o romance inicial.

Seguindo nesta liña da transmodalización poderíase confeccionar na aula unha peza dramática completa, e de cuidada estruturación en colaboración cos alumnos para, logo, ser representada.

O esquema da experiencia sería:

- Ter en conta a estrutura teatral clásica: un plantexamento, un nó e un desenlace estruturado en actos, cadros, e escenas.
- Traballa-lo discurso dramático, o texto primario: soliloquio-monólogo, diálogo... así como o texto secundario coas debidas indicacións da entonación que o alumno deberá utilizar.
- E, finalmente, a constitución de equipos: actores, directores, guionistas, apuntadores, encargados da decoración, do vestuario, principalmente. Mesmo un grupo encargado do labor periodístico e propagandístico do futuro espectáculo.

Desmitificación e transmitificación

Nos apartados anteriores estivemos traballando o mito de Don Gaiferos de Mormaltán na versión máis divulgada, a continuación, imos “xogar” con el.

— A desmitificación: Consiste na destrución semántica do mito. Así podemos converter ó héroe Gaiferos nun antihéroe, reflexándoo, por exemplo, coma un mendicón que vai a Compostela para aproveitarse dos inocentes pelegríns que están a venerar ó Apóstol.

— A transmitificación: Trátase dunha adaptación do mito clásico ó espectador actual privilexiando aqueles aspectos cos que mellor pode sintonizalo público contemporáneo. Trasladando esta idea ó marco escolar, recrearíamolo mito do personaxe que nos ocupa dende coordenadas ideolóxicas e culturais novas, sintonizando cos intereses dos rapaces: Don Gaiferos pode ser identificado con “Indiana Jones” por exemplo, xa que ámbolos dous se rixen polo mesmo esquema:

ideal - percura do mesmo - consecución final

Froito do desenrolo por parte do docente do seu potencial investigador e creador surden agora as actividades interdisciplinares ás que faciamos referencia na parte introductoria. Serán agrupadas segundo corresponda a unha área ou outra do *currículum*. A modo de suxerencia:

■ Area de Lingua e Literatura

- Toma de contacto coa linguaxe da época comparándoa coa actual.
- Toma de contacto cos distintos xéneros literarios implícitos na transmodalización. Particularidade e confrontación dos diferentes discursos.
- Inspirados no romance inicial, realizar un conto orixinal.
- Estudio dos niveis básicos e rexistros da lingua falada, a fin de dar voz ós distintos personaxes.

■ Area de Coñecemento do Medio

- Saida á cidade compostelana percorrendo un anaco do camiño e visitando os edificios máis representativos.
- Construción de itinerarios, máis concretamente dun mapa que reflexe a ruta dos pelegríns (ou as diferentes rutas, considerando a ruta do norte da provincia de Lugo, obxecto de recentes estudos e investigacións).
- Proxección de diapositivos ou films que amosen a arte e a forma de vida da época.

Conclusións

O proxecto exposto pode se-lo esbozo dunha unidade didáctica que segue, a *grosso modo*, a liña da Reforma. Polo seu carácter aberto e flexible, a proposta pode ser adaptada polo docente segundo ás súas posibilidades reais.

Con seguridade o ointe/lector se decatou de que non se fai mención algunha ó libro de texto demostrando que non o é todo como soe ser considerado, senón un material máis, prescindible. Con respecto á avaliación do traballo dramático diremos que seguirá as seguintes pautas: avaliación inicial, formativa, sumativa. O mestre terá moi en conta o traballo diario dos alumnos e o interese dos mesmos cara ás experiencias presentadas (cooperación, participación, axuda, respecto...). Entramos deste xeito

no mundo dos valores como a autoestima, o desenvolvemento do sentido crítico, tan esquecido, que xurde agora como base dun novo enfoque educativo: “enseñar a aprender, e a pensar”.

BIBLIOGRAFÍA

- A.A.V.V.: *Creatividad teatral*, Editorial Alhambra, Madrid, 1985.
- A.A.V.V.: *El personaje dramático*, Taurus, Madrid, 1985.
- A.A.V.V.: *El mito en el teatro clásico español*, Taurus, Madrid, 1988.
- CERVERA, J.: *Teoría de la literatura infantil*, Ediciones Mensajero-Universidad de Deusto, Bilbao, 1991.
- Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XIV, Silverio Cañada Editor, 1974.
- MURGUÍA, M.: *Galicia*, Biblioteca de autores gallegos, Editorial Sálvora, Santiago de Compostela, 1985.
- RISCO, V., “Literatura”, in *Historia de Galiza*, t. 1, Akal, Madrid, 1979, pp. 689 ss.